



## Que xoguetes son convintes?

### Para nenos e nenas de 2 a 3 anos:

- Triciclos
- Palas e cubos
- Quebracabezas
- Pinturas, plastilina
- Teléfonos
- Monecas
- Roupas para vestir e desvestir
- Xogos de ladrillos

### Para nenos e nenas de 3 a 5 anos:

- Bicicletas
- Pizarras e xiz
- Tesoiras, , recortables, pinturas
- Magnetófonos, Radio-CD con música
- Monicreques
- Monecos articulados

- Xogos de construción máis precisos
- Xogos de carpinteiro
- Xogos e utensilios de limpeza, perruquería, médicos, cociña...
- Unha carretilla ou coche de monecas (para empuxar as súas cousas)
- Pelotas

### Para nenos e nenas de 6 a 8 anos:

- Monopatíns, bicicletas (con casco)
- Coches teledirixidos
- Xogos manuais: costura, papel, modelado, ...



As recomendacións para mercar xoguetes aparecen sempre no Nadal, aínda que sempre é conveniente regalar un xoguete. Pero non todos os xoguetes valen:

- Deben ser seguros; a marca CE é unha garantía de seguridade, así como que as instrucións deben estar en castelán
- A menos idade, pezas máis grandes, e moito coidado coas partes eléctricas e as pilas: deben estar precintadas.
- xoguete debe adaptarse ó momento evolutivo dos nenos e nenas, á súa personalidade: xogos socializadores para os máis retraídos, xogos de atención e artísticos para as nenas e nenos hiperactivos, ...
- Que os xoguetes sexan simples, para axudar a desenvolver a fantasía e a capacidade simbólica
- Buscar a diversidade de xoguetes, tipos de xogos, necesidades dos xogos: de interior, exterior, movemento, atención, individuais, de grupo
- Non sexamos sexistas: as nenas precisan coches, construcións..., e os nenos monecas, cociniñas, tendas, .....

- Xogos de preguntas
- Xogos de experimentos
- Mecanos
- Xogos de cartas, parchís, dominó, etc., (sempre que teña con quen xogar)
- Pelotas e equipos para deportes
- **Procurade que xoguen no exterior**
- **É importantísimo que xoguen con máis nenos e nenas a poder ser da súa idade**
- **Os vídeo xogos que sexan axeitados a súa idade**
- **Non sempre o xoguete máis caro é o mellor. Probádeos na tenda**



# BIBLIOCRA

## Chega o Nadal!


Coma sempre chega o Nadal e as familias volvémonos tolas sobre que nos gustaría que trouxeran os Reis Magos ( e/ou Papá Noel, nunca se sabe) ós máis pequenos e pequenas ( e de paso ós maiores).

Cada vez máis a oferta publicitaria é maior, pero non sempre a mais axeitada, ... e así non deixa de entristecernos ver como as caras dos nosos fillos e fillas non sempre amosan alegría e satisfacción polo que reciben, ou ben deseguida deixan de ter interese polo que reciben, ou ben non é axeitado.

Pásanos a todos, pero xa que estamos rodeados de nenos e nenas de 3, 4 e 5 anos, queremos dende a Biblioteca do C.R.A. Antía Cal, darvos ideas que tal vez vos poidan axudar.

De tódolos xeitos, e a pesar do *traballo, o estrés, e o gasto* que nos supoñen estas festas, todos e todas atopamos un gusto especial pola emoción, o cariño e a ilusión que entregamos con estes regalos.

**Bo Nadal para toda a xentiña do noso cole!**



- Chega o Nadal
- Algúns libros
- Consellos para mercar xoguetes

### Librerías en Gondomar

Librería Café Libraida  
Rúa Rosalía de Castro,  
13

Librería papelería Plaza  
Párroco José Mariño 2

Librería A Capela  
Ervillás, 7 - Vincios

Papillo  
Avda Fildunven 19

## Libros

Tódolos anos dende o colexio vos sinalamos a importancia de regalar libros ós máis pequenos (e maiores). As razóns para ler son tantas como persoas, estados de ánimo, lugares, compañías, ...

Nas páxinas interiores deste boletín, atoparedes recomendacións dalgúns libros que non están na biblioteca do colexio, e que poden ser axeitados para as idades do noso alumnado.

Nos últimos anos a literatura infantil levou un pulo importante: nos textos, nas ilustracións, no coidado con que se fan, pensando no público ao que está destinado, e sobretudo as editoriais galegas levan premios internacionais.

Nas páxinas interiores incluímos só referencias de 6 libros que non temos na biblioteca do colexio, moi interesantes pensando en nenos e nenas das idades do noso alumnado.

Non esquezades calquera título das editoriais **Kalandraka, OQO, Kókinos, Corimbo**, que xa coñecedes polo colexio.... Acercádevos á librería que teñades máis a man e antes de mercar: abrir, pasar as páxinas, disfrutar das ilustracións, ...

## ¿Quién ha sido? Ben Redlich. Editorial Juventud. Barcelona 2007

Alguén ataca a Macario, o mono, e agora quere atopar ó culpable que lle lanzou esa cousa noxenta.

En cada páxina imos con Macario mentres pregunta aos animais, ata descubrir quen o fixo, ó seu lado.

A historia recorda a de **A toupa que quería quen lle fixera aquilo na súa cabeza**, pero nesta Macario non se vinga a pesares de telo máis doado.



## Un dedo al año . Montse Ganges y Impala. Barcelona: Thule Ediciones 2007

*Un dedo al año* ocorre a noite anterior ó seu cuarto cumpleaños dunha nena; non pode durmir porque os seus dedos están a discutir. Como hai que indicar o número catro?

Ata agora levantaba o furabolos, o pai de todos e o máis difícil, mentres o *matapiollos* e o *meníño* quedaban agochados e facíanse amigos . Agora un dos dous terá que quedar só mentres os demais se levantan

.A quen lle vai tocar? Un problema no que se fai enorme na cabeciña dunha nena preocupada por temas como a amizade, a soidade, e que quere chegar a unha solución que deixe a todos satisfeitos.



## El ruido que hace alguien cuando no quiere hacer ruido John Irving. Editorial Tusquets. Barcelona 2005

Tom esperta pola noite porque escoita un ruído, así que decide saltar fora da cama e buscar pola casa pistas sobre a súa causa.

A idea dun monstro rondando esperta a súa imaxinación e comeza a descrición de personaxes e situacións que van poñendo en alerta a quen le.



Ó fin, todo ten unha explicación real e lóxica, salvo para o irmán pequeno.

As ilustracións, en tons escuros, crean un misterioso escenario cheo de sombras.

## Contos con letras Gloria Sánchez. SM, col. O Barco de Vapor, serie branca, nº 19 . 2003



Neste libro atoparás nove historias en verso nas que algunhas das súas palabras están debuxadas e fan referencia ao que se conta nos textos.

Hai personaxes que recoñecerás deseguido porque aparecen nalgúns contos moi coñecidos como os tres porquiños, Cincenta ou a cabuxa que ten que salvar as súas fillas da barriga do lobo. Ademais

aparecen máis personaxes como unha vaca que sae de paseo á braña coa súa prima Chi-Lin-Drada; un lagarto co rabo tronzado que intenta coselo e ao non conseguilo decide converterse no "lagarpirata"; un monstro que engorda coa escuridade e encolle coa claridade; ou un elefante que acode ao cirurxián para deixar de sentir complexo polo seu nariz descomunal e o seu rabo tan cativo.

Terás que atender a cómo están debuxadas as palabras. É como un xogo. Por exemplo, hai unha historia na que o protagonista é un rato que se levanta da cama e se prepara para ir ao colexio. Fíxate cómo se representan os sustos que leva o rato cando soa o espertador, cando se lle


achega o gato e sente medo. Quizais podes intentar escribir ti unha historia e debuxar as palabras como fixo a autora deste libro.

## El hombrecillo de la lluvia Gianni Rodari. Alfaguara. Serie verde. 2007

O homiño da chuvia é o encargado de abrir e pechar todas as billas que hai nas nubes. Sempre está moi ocupado abrindo e pechando as billas .

Pero, de cando en vez, quédase durmido e entón, ou as billas están abertas e non para de chover e o campo se inunda ou ben están pechados e todo queda seco.

Y, a esto se dedica o homiño da chuvia: a arranxar a toda presa os desastres que provoca a chuvia ou a seca dos campos, cando el está a durmir



## Que contan as ovellas para durmir? Kiko Dasilva. Ed. Galaxia. 2004



Que facedes vós cando non podedes durmir? Xa sabes que un bo truco é poñerse a contar ovellas ata conseguir quedar durmidos. Seguro que máis dunha vez tivestes que botar man deste remedio.

Pero, pensastes algunha vez que é o que fan as ovellas para prender no sono? Pois a resposta está neste libro que conta cunhas divertidas ilustracións.

E daquela, que contarán as ovellas para durmir? Esta é a pregunta que se fixo Bee, unha ovella branca dentro dun rabaño de ovellas negras. Despois de interrogar a todos os animais que atopa no seu camiño por ver se lle dan algunha pista, Bee atopa a solución á pregunta. Seguro que o remate deste conto, que non vos quero contar para non estragar a sorpresa, vos parece moi orixinal e divertido.

Por fin Bee conseguirá durmir